

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 31 DE AGOSTO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 31 de agosto de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a e 10a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 11a)
D. Rubén Peña Barceló (asiste ao punto 15a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 7 de agosto de 2017**

Non se aproba por falta de quórum.

b) Acta da sesión do 28 de agosto de 2017

Apróbase a acta da sesión do 28 de agosto de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



	Licitadores	Prezo total	Técnico titulado: 3 días alternos/semana, durante un período mínimo de 3h diarias en quenda de mañá (si/non)
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	858.315,43 €	si
2	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZAS, S.L. (SAMYL, S.L.)*	292.168,26 €	si
3	UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.	856.467,60 €	si
4	BRÓCOLI, S.L.	923.657,87 €	si
5	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	865.174,75 €	si

* SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZAS, S.L. (SAMYL, S.L.) oferta 292.168,26 €. Do orzamento detallado se deduce que este importe é anual (prezo total 876.504,78 €).

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Asiste á apertura D. Miguel Anxo Rodríguez López, con DNI 76.993.581-T, en representación de SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZAS, S.L. (SAMYL, S.L.).

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 7 de agosto de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
- INTEGRA MXSI CEE, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

Durante o prazo concedido, só presentou documentación INTEGRA MXSI CEE, S.L.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 29 de agosto de 2017 a xefa do Servizo de Educación emitiu informe sobre a xustificación presentada por INTEGRA MXSI CEE, S.L. no que conclúe *“que tendo en conta a xustificación presentada, á que non se xunta ningunha documentación*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acreditativa dos custos indicados e de acordo a existencia de aspectos contraditorios e incoherentes coa propia oferta técnica, non se pode chegar á convicción da viabilidade e seriedade da oferta presentada”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
- INTEGRA MXSI CEE, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 29 de agosto de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 29 de agosto de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 29 de agosto de 2017:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
- INTEGRA MXSI CEE, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	MANTELNOR OUTSOURCING, S.L.	87,42
2	PONTE DAS DONAS	87,00
3	ESC SERVICIOS GENERALES, S.L.	84,50
4	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	82,43
5	VALORIZA FACILITIES, S.A.U.	81,97
6	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	76,04
7	ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, S.A.	73,58

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MANTELNOR OUTSOURCING, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

Asiste á sesión o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños, co obxecto de comprobar se os traballos que o licitador achega para acreditar a solvencia técnica son análogos aos do obxecto do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 10 de xullo de 2017, por non acadar o umbral de puntuación mínima para a proposición avaliable mediante xuízo de valor fixado no apartado 8.A da FEC.

Segundo.- Excluír deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 1 de agosto de 2017:

1. CLOTHOS, S.L.
2. UTE ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. - EIC DURAN, S.L.
3. GOC, S.A.
4. URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERIA CIVIL, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	93,65
2	AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	86,29
3	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	85,47
4	GALAICONTROL, S.L.	85,10
5	TÉCNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYPESA)	82,78



	Licitadores	Puntuación
6	PROYFE, S.L.	81,68
7	SGS TECNOS, S.A.	81,10
8	PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.	76,60

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.093,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., o día 14 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida nas datas 23 e 25 de agosto de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, e acordou, por unanimidade, conceder a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. un prazo de tres días hábiles para que completase a solvencia técnica acreditada por resultar insuficiente á vista dos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

O 29 de agosto de 2017 o licitador presentou nova documentación, que foi cualificada pola Mesa de Contratación na sesión do 31 de agosto. Sendo correcta a documentación, a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., como a solicitada de oficio pola



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 6 de xullo e 1 de agosto de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto das obras de humanización da Estrada provincial EP-2001 Calvario La Garrida. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto (4.472-440) por un prezo total de 77.924,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.524,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) na seguinte orde descendente:

LICITADORA	TOTAL
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI)	96,36
UTE, ASESORES LOCALES CONSULTORÍA, SA Y RECERCA I DESENVOLUPAMENT EMPRESARIAL, S.L. (AL)	82,43
COORDINADORA DE GESTIÓN DE INGRESOS, S.A. (CGI)	76,42
GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A. (GTT)	75,92
LA AUXILIAR DE RECAUDACIÓN, S.L.	66,73

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.991,45 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), o día 14 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 29 e 30 de agosto, dentro do prazo concedido.



Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 26 de xullo e 7 de agosto de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), o procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 13.939.200,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.419.200,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Propón a redución da retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de dereito público, agás multas de circulación prevista no seguinte cadro:

Recadación efectiva, €	% máxima	% mínima	Recorrido (máx - mín)	Puntos máximos baixa	Puntos de baixa ofertado polo licitador
Ata 3.000.000,00	14,00%	10,00%	4,00	4	4
Dende 3.000.000,01 ata 5.000.000,00	16,00%	12,00%	4,00	4	4
Dende 5.000.000,01 ata 8.000.000,00	18,00%	14,00%	4,00	4	4
Dende 8.000.000,01 ata 11.000.000,00	20,00%	16,00%	4,00	4	4
Máis de 11.000.000,00	22,00%	18,00%	4,00	4	4

c) Propón a retribución pola recadación en vía executiva de multas de tráfico prevista no seguinte cadro:

% Porcentaxe ofertado polo licitador multas de tráfico en vía executiva
26,95%

d) Propón a retribución pola recadación en vía voluntaria e executiva por liquidación pola retirada de vehículos e custodia no depósito municipal e outras sancións competencia da área de Seguridade Tráfico e Transportes prevista no seguinte cadro:

% Porcentaxe ofertado polo licitador pola recadación neta das liquidacións
24,95%

e) Propón a redución da retribución do incentivo de xestión previsto no apartado 17.E desta FEC prevista no seguinte cadro:

% Recadación s/ cargo líquido	Porcentaxe de baixa, seleccione un so tramo
Máis do 20% ata o 30%	100%
Máis do 30% ata o 40%	100%
Máis do 40% ata o 45%	100%
Máis do 45% ata o 50%	100%
Máis do 50%	100%

f) Propón a retribución pola xestión e recadación en período voluntario de cobro de multas de tráfico prevista no seguinte cadro:



% Porcentaxe ofertado polo licitador multas de tráfico en período voluntario
26,95%

g) Propón un rendemento dos servidores de base de datos de **70.400** suma total dos valores (SPECint_rate2006 base) dos nodos do pool.

h) Propón unha capacidade total da memoria dos servidores físicos de bases de datos de **20.000** (nº) GB, correspondentes a suma dos nodos.

i) Propón un rendemento dos servidores de aplicacións de **35.200** suma total dos valores (SPECint_rate2006 base) dos nodos do pool.

j) Propón unha capacidade total da memoria dos servidores físicos de aplicacións de **10.000** (nº) GB, correspondentes a suma dos nodos.

k) Propón outorgar licencias para o uso do entorno completo da aplicación a **500** (nº) usuarios.

l) Propón **107** (nº) servizos de intercambio de información de procesos básicos definidos de antemán sobre os recibos mediante intercambio dinámico, en liña, de información cos sistemas de información do Concello de Vigo (apartado 2.4 da cláusula X.2 do PPT).

m) Comprométese a achegar as seguintes melloras:

- Achega, mantemento e reposición de **926** (nº) equipos (mínimo 50) de captura e emisión electrónica de denuncias por parte dos axentes municipais nos dispositivos móbiles e impresoras ruguerizadas, integradas as mesmas no sistema de recadación de multas coas seguintes características técnicas: 16 GB de memoria, tamaño de pantalla 5,5" compatible MDM e cunha batería de capacidade de 2,5 amperios, xunto coa súa liña de datos.
- Campañas publicitarias en medios de comunicación relacionadas de forma directa cos procesos de xestión e recadación, que deben incluír a promoción de medios de pago e realización doutras xestións mediante técnicas e medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou outros medios ou medidas que redunden nunha mellor relación Concello-contribuínte cun importe de 20.000 euros/ano para a totalidade do contrato **si** (si/non).
- Plan de formación en materia tributaria e recadadora (xurídica e económica) para os empregados do Concello adscritos aos servizos económicos cun importe de 10.000 euros/ano para a totalidade do contrato **si** (si/non).

n) Propón as melloras que deseguido se relacionan, segundo se indican no informe asinado polo tesoureiro municipal de data 7 de agosto de 2017:

Melloras sobre C, me remito aos criterios que están nas táboas e os números reflectidos refírense a contías de números informáticos, GB, licencias, servizos, equipos de captura, publicidade, formación	Oferta en número
8.B.2.1.a), rendemento de servidores físicos BBDD	70.400,00
8.B.2.1.b), incremento de servidores físicos BBDD	20.000,00
8.B.2.2.a), rendemento equipos aplicacións	35.200,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.B.2.2.b), incremento de memoria servidores aplicacións	10.000,00
8.B.2.3, nº de licencias	500,00
8.B.2.4, nº de servizos de intercambio	107,00
8.B.3.1, medios electrónicos de captura	926,00
8.B.3.2, publicidade/ano	20.000,00
8.B.3.3, formación/ano	10.000,00

Melloras sobre B	Importe
Xestión integral de loita contra o fraude fiscal	120.000,00
Formación para esta finalidade	12.000,00
Plan de control de fraude	20.000,00
Conexión PIE	35.200,00
Implantación, pilotaxe de melloras na captura de datos	117.200,00
Melloras no servizo de atención ao cliente co detalle da oferta	280.000,00
Total económico	584.400,00

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que con data 4 de agosto de 2017 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS. S.L.U., o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de clasificación e requirimento da documentación do artigo 151.2 do TRLCSP. En base a este requirimento, o citado licitador presentou a documentación requirida o 14 de agosto de 2017, que foi cualificada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2017.

Con data do 28 de agosto de 2017, o director técnico de Deportes emite informe complementario sobre a necesidade de que o licitador constituía unha garantía complementaria dun 2,50% do importe de adjudicación, sen IVE, en cumprimento da esixencia prevista no apartado 11B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

Á vista do informe anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acordo:

“Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), que por erro non se incluíu no acordo do 21 de xullo de 2017:

- *Resgardo da garantía complementaria do 2,50% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 21 e apartado 11B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares” co obxecto de completar a documentación presentada o 14 de agosto de 2017.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:27	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA443-EH22A9-4B5421-SU9QAJ-YY7ZK3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		